

**NOITES NEGRAS
DE CASTRELOS**
**Espectáculo teatral interactivo no
Museo Municipal de Vigo
“Quiñones de León”**

**Representado polo grupo de teatro “O roce das ás”
Obra orixinal de
Pablo Samartín**

Como actividade de divulgación do museo municipal, entre o público xeral, leváronse a cabo nos últimos anos varios espectáculos de carácter teatral nestas instalacións sempre con grande éxito. Entre eles destacou o chamado “Noites ao carón do lume” ao cargo do actor galego Javier Veiga en 2005.

Nesa liña de achegamento do museo a un público distinto, fundamentalmente novo e vigués; na liña dos museos de todo o mundo de programar ocasionalmente nas súas sedes actividades nocturnas; resulta de interese programar no municipal un novo espectáculo teatral, de carácter lúdico, no que os/as visitantes, en grupos reducidos, tomen parte activa coñecendo o noso museo, as súas valiosas coleccións, co obxectivo final de motivar á súa posterior visita no horario habitual diúrno; de xeito que ademais se convertan no noso mellor vehículo de divulgación.

Este espectáculo, que leva por nome “As noites negras de Castrelos”, fronte ás noites brancas habituais doutros museos; consiste nunha visita guiada ao pazo e os seus xardíns durante a noite, de arredor dunha hora e media de duración, un venres de cada mes, entre xuño e outubro do ano en curso.

DATAS:

O espectáculo consistirá en CINCO representacións de 90 minutos de duración, con hora de comezo ás 23.45 e hora de remate ás 1.15.

As actuacións comezarán con estricta puntualidade non permitíndose o acceso o público unha vez comezado o espectáculo. Con este obxecto resulta recomendable presentarse ás 23.30 horas.

Xuño	Venres 13. Estrea.
Xullo.	Venres 11.
Setembro.	Venres 12.
Outubro.	Venres 3.
	Venres 31. Noite de Halloween. Espectáculo especial de clausura.

Venda de entradas no museo a partires do día 10 de xuño. Prezo: 3 euros.

Teléfono de información: 986 295070.

Grupos de ata un máximo de 25 persoas.

O espectáculo está dirixido a maiores de 18 de anos ou de 14 acompañados dun adulto

SINOPSE

O mordomo do antigo **Pazo de Castrelos** e o seu señor, pretenden levar a cabo unha visita guiada aos invitados que acoden pola noite ao **museo**. Pronto serán interrompidos por un “perturbado” que pretende conseguir os seus escuros obxectivos... Mentres, fan acto de presenza unha serie de misteriosos personaxes que, paralelamente ao desenvolvemento da visita, cóntannos unhas increíbles e fantásticas historias nas que os propios visitantes serán os protagonistas...

...Da lenda que arrastra a casa, a lenda de María Soliño,
a “bruxa e meiga” galega máis famosa,
e as “catro cousas estrañas” polas que a condenou a Inquisición:
a terra , as serraduras , o rosario e saír soa da casa pola noite . . .
Un cura, a queimada.
¡¡ unha sesión de espiritismo... !!
¡Un cemiterio!
E ti...
para GOZALO...

OBXECTIVOS DO ESPECTÁCULO

Familiarizar ao público co MUSEO MUNICIPAL DE VIGO “QUIÑONES DE LEÓN” e os seus XARDÍNS de forma lúdica conseguindo captar o seu interese e incitándoos a regresar outro día, en horario diúrno, para poder gozar das súas salas, coleccións de arte e xardíns...

Facer que os invitados coñezan, ou recorden, algunhas LENDAS SOBRE GALICIA e a “Terra Meiga”, desde as máis populares ás máis descoñecidas. Tamén homenaxear á figura do vigués, MARIANO MARCOS, autor do tan popular “Esconxuro da Queimada”.

Dar a coñecer unha FORMA DISTINTA DE VER TEATRO onde varios dos papeis son interpretados por un público que participa plenamente no desenvolvemento da obra. En canto ao Espectáculo de Terror de Teatro Interactivo, máis que terror, poderíamos dicir que se crean entre os convidado situacións de SORPRESA, SOBRESALTO, INCERTEZA... PERO, MÁIS QUE NADA, RISAS... provocadas en moitas ocasións polas mesmas interaccións deles mesmos co resto de invitados, e cos propios actores...

ELENCO GRUPO DE TEATRO “O ROCE DAS ÁS”

PERSONAXES:

+ Cura/Marqués Fernando Quiñones de León	ANTÓN RODRIGO
+ Mordomo Evaristo	PABLO COSTAS
+ Perturbado Xoán	MIGUEL VÁZQUEZ
+ Encapuchado/Tenente Kinderman	PABLO SAMARTÍN
+ Sete demos da Lexión de Belcebú	OS VISITANTES (<i>SANSÓN, SAÚL, O seu ESCUDEIRO, JUDAS, ABIMÉLEC, ZIMRI e AHITOFEL</i>)
+ Irmá Ottavia/ Medium Maruxa	HELENA VARELA

EQUIPO TÉCNICO:

Iluminación e son	Roce A.C. e “Teseç”
Efectos de son e música	T. Rivas, J. Rodríguez e L. Portas *
Decorados cemiterio	Antón Rodrigo, Diego Prieto* e L. Alfaya *
Xastra e costura	Isabel Padín e “A costureira”
Estilismo vestiario e complementos	Virginia Gayo e Roce A.C.
Maquillaxe e atrezzo	Helena Fraile * e Roce A.C.
Estilismo peiteado e Perrucas ...	Carmen Rodríguez (Llongueras asoci.) e “JP.”
Canción: + LETRA e música	P.S. e Julen Cantabrana.
Intérprete	Teté Delgado, Begona G. Deaño*, P.S., e J.C.
Estudo de gravación	“Tribu musical”.

OUTRAS MÚSICAS:

+ Cámaras, vídeo e dvd *	Luís Portas -Foto Élite e Tele Salnés (TSB)-*
+ Secretaria de Produción	Guadalupe F. Romero
+ Axudante de dirección	Antón Rodrigo e Paula Fariña*
+ Idea Orixinal	Rosa González
+ Guión e dirección	Pablo Samartín

(*): en actuacións especiais

CURRÍCULUM DO GRUPO DE TEATRO “O ROCE DAS ÁS”

Desde a súa estrea o 13 de Novembro de 2004, o Espectáculo de Teatro Interactivo de Terror "O roce das ás" leva xa máis de 40 representacións en distintos escenarios de todo Galicia, que van desde CASAS RURAIS (“O canastro”, “Gasamáns”, “Casa Sueiro”...), HOTEIS (NH “Palacio de Vigo” e NH “Obradoiro” de Santiago de Compostela...), PARADORES (Parador “Conde de Gondomar” en Baiona...).

Tras comezar cun modesto elenco, a compañía xa contou con máis dunha vintena de actores con curriculums máis que considerados, que puxeron o seu talento e bo facer, ao servizo dalgunha das, xa dúas, Obras Experimentais de Teatro Interactivo de Terror que manteñen na actualidade: “O roce das ás” (espectáculo clásico) ou “O roce das ás: a Investigación”. Iso sen contar ao máis do centenar de “Artistas invitados” que xa interviñeron coas súas “interactuacións estelares”...

Durante estes catro anos representaron os seus espectáculos ante empresas da categoría de “TELEFÓNICA” na súa “Convención Rede de vendas 2006”, “ELEKO”, “LABORATORIOS MADAUS”, “CARMEN RODRÍGUEZ (Llongueras asociados)”, “TV SETE producións audiovisuais”, entre outras...

Colaboraron coa adaptación do guión para “publicitar previamente un festexo” (caso da FEIRA FRANCA 2006: “Mitos, lendas e Seres mitolóxicos” de PONTEVEDRA) e tamén, á súa vez, cooperan con outras empresas como: “Think-out”, “ACF”, “Soloeventos”, “Meigalicia”, LAVEB (“a vida é bela”), “Golden moments”, “Airbus”...

Para a súa próxima “QUINTA TEMPADA” esperan seguir cultivando os éxitos de crítica e público que conseguiron ata agora e presentar o vídeo-clip (en preparación) da canción “O rozamento das ás”, interpretada pola coñecida e popular actriz TETÉ DELGADO.


ACTORES CURRÍCULUM

HELENA VARELA



Alumna da Escola Superior de Arte Dramática (E.S.A.D.) de Vigo, da primeira promoción. Estudos de Interpretación e dobraxe en Madrid. Cursos e seminarios de interpretación, expresión corporal, contact, técnica vocal... Experimentada en teatro de rúa con montaxes coma “Vos moinantes” (2004). Participación como actriz nos curtos: “Imos de paseo Mamá” (2002), “Adeus amor, deséxoche o peor” (2003), “Conto de fadas” (2003), “Unha chamada á soidade” (2003), “Es ou parece...” (2004), “Morte na bañeira” (2005), “O roce das ás” (2006), entre outras moitas montaxes...

MIGUEL VÁZQUEZ:




Relacións públicas e encargado de diversas empresas, realiza traballos en atención ao cliente e administración en instalacións eléctricas.

Posúe cursos de informática, ballet clásico, danza moderna, pilates... Na actualidade é, ademais, profesor de expresión corporal, aeróbic, step, spinning, strecching e coreógrafo... obtendo premios en variadas competicións deportivas. Modelo profesional e de anuncios, imaxe de campañas publicitarias, estilista e varios títulos en concursos de beleza así como performances en festas e comentarista no periódico A Rúa.

Intervén en distintas montaxes de teatro coma "HISTORIAS PEREGRINAS", de tv moovie "CODIGO Q- COTA VERMELLA", de series coma "RIAS BAIXAS" (TVG) e curtametraxes como "A COMPAÑÍA" e "O REGRESO". No seu haber ten tamén a presentación de diversas galas coma "¡QUE BOA TARDE!" de TVG, "VÉMONOS" de RTPM e colaboracións en programas coma "A BOMBA" da canle 9 valenciano, a "ESCENIFICACIÓN DE MONTAXE", "TARDES CON ANA" (TVG), programas radiofónicos do grupo LA VOZ, seccións de moda e certames de beleza...

PABLO COSTAS:



Comeza moi novo a tocar en grupos de Cangas, o seu pobo natal. Cursa estudos no Conservatorio de Vigo e en 1997 funda "SINNANIA", grupo de pop-rock co que dá concertos por todo Galicia, actuando con grupos como "Celtas curtos" e gravando programas de televisión para TVG ou TELE 5. Tras esta etapa comeza a súa carreira en solitario facendo música por encargo no seu estudo "Tribo-musical", xunto a Honorato Parcero, entre outras actividades sempre relacionadas co mundo do espectáculo. Intervén en diversas montaxes teatrais do Centro Dramático Galego, sendo nomeado para o premio "María Casares" de Teatro no apartado de Música.

PABLO SAMARTÍN



Profesor de Ensino Secundario na especialidade de Bioloxía e Xeoloxía desde 1990, comezou á temperá idade de 10 anos con funcións de “Teatro monicreque, maxia e cine” en Vilanova de Arousa. Foi membro de diversos coros como “Airiños”, “Ansuíña”, ou orfeón “Terra a nosa” (1980-1987). Ten no seu haber gravacións de distintos discos así como a organización e dirección de xincanas tipo “rallye social”, cabalgatas de reis, dramatizacións do “Conxuro da Queimada”, happening nas rúas, ou montaxes teatrais como “O jardincillo do paraíso” (1991)...

Realiza cursos en distintas modalidades de vídeo, danza e teatro... Actor, guionista e director de curtametraxes como “O paseo” (1978), “¡¡Pesadelo!!” (1979), “As indias contra os matóns” (1980), “O castelo do terror” (1981), “Non desobedecerás” (1981), “A carta” (1983), “O monte das ánimas” (1985), e o finalista “Poderío ao río” (1987). Participa como actor nas montaxes do Centro Dramático Galego (C.D.G.) “Yerma” de F.G. Lorca por J.M. Branco Gil (1990), e “Así é se vos parece” de L. Pirandello por M. Queizán (1991). Tamén noutras compañías como “Úvega Teatro” na montaxe “Volve o cabaré” de Vicente Montoto (1992). Foi colaborador habitual do programa da TVG “A reoca” (1990-1991), presentador de magazines, participante en distintos programas ou series de televisión como “Os outros feirantes” “Ás de ouros” (1990), ou a longametraxe “Martes de Carnaval” (1991).

Profesor de Bailes de Salón desde 1989 ata a actualidade, está acadando un enorme éxito co seu Espectáculo de Teatro Interactivo de Terror "O roce das ás", que leva xa máis de 40 representacións en distintos escenarios, desde a súa estrea en 2004...